

07 MAI. 2010

Rexistro de ENTRADA

N.º

Á DIRECCION XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA

As organizacións abaixo asinantes, pertencentes á **Comisión de Seguimento do Plan de Mellora da Atención Primaria de Galicia**, diríxense a vostede, transcorridos máis de 4 meses da última reunión de seguimento e tras facer entrega por rexistro central da Consellería dun escrito de consenso acerca dos indicadores de control e seguimento do plan. Como é natural, entendemos que os indicadores para avaliar un plan deben facer referencia aos obxectivos e medidas propostas no mesmo e non a outras formulacións, que por moi lexítimos e interesantes que nos poidan parecer, non son obxecto deste plan e por suposto que poderán contar coa nosa colaboración noutro foro que se poida crear ao efecto.

O que non nos parece serio nin rigoroso é mesturar cuestións de política sanitaria conxuntural cun feito que leva moitos anos expóndose, non só na nosa comunidade, como é o abandono e deterioración da Atención Primaria. Iso si, sempre acompañada de grandilocuentes comunicados de defensa do primeiro nivel asistencial como eixo do sistema. A falta de interese mostrada ata o momento pola Consellería e a súa dirección xeral é unha clara mostra da consideración que lles merece a atención primaria e os representantes das súas organizacións profesionais e sindicais máis representativas, así como o esforzo realizado por tantos profesionais que se implicaron na elaboración de protocolos e grupos de traballo para propor melloras na carteira de servizos, a organización, a coordinación de categorías e niveis e, en definitiva, a capacidade resolutiva do noso primeiro nivel asistencial. Causa natural desazón ver como unhas reivindicacións que poñen por diante o interese do servizo público, sen pretensións económicas para os seus traballadores, obteñan da súa administración esta absoluta indiferenza.

Cremos que o esforzo realizado por tanta xente e os obxectivos trazados neste plan non se merecen semellante desprezo, polo que lle convocamos a realizar unha convocatoria inmediata ás organizacións constituídas en comisión de seguimento, cunha orde do día axustado aos obxectivos do plan. En caso negativo entenderemos unha renuncia ao Plan de Mellora e denunciaremos diante da opinión pública, os usuarios, e os profesionais da atención primaria o incumprimento do acordo asinado ao máis alto nivel institucional que quixo tratar de dignificar a Atención Primaria para dar o mellor e máis próximo servizo sanitario á nosa poboación, verdadeira protagonista e beneficiaria última deste plan.

**A COMISION DE SEGUIMENTO DO PLAN
DE MELLORA DE ATENCIÓN PRIMARIA**

**CEMS – GALICIA, CIG-SAÚDE, UGT, CSIF, CCOO, AGAMFEC,
AGAPAP, SEMERGEN, SEMG, FADSP.**